

[A Coruña Luns 28 de xaneiro: paremos Atento



O Comité de Empresa de Atento A Coruña, do que forma parte a **CGT**, ven de facer público o seguinte comunicado:

"Van xa 8 meses dende que decidimos saír á rúa denunciar a nosa situación. Nese tempo, fixemos paros tódolos luns ata outubro, varias folgas de 24 horas, manifestacións? Finalmente, e grazas ao apoio e esforzo da maioría das compañeiras e compañeiros, o Comité **suspendeu as mobilizacións coa sinatura dun acordo no que Atento se comprometía a paliar unha parte importante dos problemas que nos obrigaran a chegar aí.** Tras varias reunións de negociación, a empresa deu por resolto o conflito en decembro, decidindo incumprir o acordó na súa maioría, e anunciando que seguiría por ese camiño. Así que de novo estamos como hai oito meses: coa **imposición de períodos de vacacións** según o novo protocolo, que está a provocar unha marea de demandas nos xulgados, o anuncio de **substituír a formación prometida por autoformación**, non cumprir coa eliminación como **obxectivo dun mínimo de chamadas recibidas**, non baixar a presión sobre as pausas e o tempo entre chamadas, non mellorar os fallos nos sistema informáticos, e seguir xerando conflitos e elevando o nivel de estrés do persoal ata enfermarnos? E a todo isto súmanse **OITO despidos** miserentos e inxustificados desde finais de decembro, os últimos deles coñecidos hoxe mesmo. **TODOS baseados en mentiras**, e seis deles a persoas que estaban de baixa médica. O Comité de Empresa presentou un conflito colectivo contra a Empresa polo Protocolo de Vacacións e denunciou o incumprimento do acordo. E do mesmo xeito que se **decidiu non suspender as mobilizacións o pasado ano ata ter asinado un acordo positivo**, decidimos agora retomalas polo incumplimento do mesmo, e polo empeoramento das condicións de traballo. Pero o mais importante, **ESTE COMITE DE EMPRESA NON QUEDARÁ SENTADO MENTRES ATENTO VAi EXECUTANDO DESPIDOS INDIVIDUAIS ATA DESMANTELAR O CENTRO DE TRABALLO.** Porque sabemos que nada salvo a mobilización masiva poderá impedir que a empresa siga atrevéndose a fulminarnos. Sabemos que hai seccións sindicais que non apoian esta folga, as n lesmas que deixaron de apoiar as mobilizacións antes de conseguir ningún acordo coa empresa. Pero que non nos enganen: **non imos poder evitar mais despidos pola vía administrativa, só coa organización e a unidade de acción, e plantando cara aos abusos.** No Comité de Empresa tomouse a decisión mediante votación, e esta foi a opción maioritaria. As actas dos plenos do comité están expostos e á vosa disposición naa cristaleira. **NON MÁIS DESPIDOS!! NON MÁIS CHANTAXES!!**

LUNS 28.01.2019

PARAMOS DE 00:00 A 02:00 H

PARAMOS DE 12:00 A 14:00 H

CONCENTRACIÓN
DIANTE DE ATENTO

PARAMOS DE 18:00 A 20:00 H

MANIFESTACIÓN